

Alba Tomé, escritora: "Das nosas bisavoaas escoitamos por primeira vez o consello de ser independentes e defendernos"

Alba Tomé (Vilagarcía de Arousa, 1996) mergúllanos nunha historia marcada pola violencia e o apoio mutuo en *As humidades* (Galaxia), a súa primeira novela. A obra, finalista do Premio Illa Nova de Narrativa 2025, alterna crueza e tenrura para cuestionar o poder patriarcal e romper o silencio desde o fogar.

Sergio Casal

4 de maio de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/contraa/20260504123116255334.html>

—*As humidades* sitúanos nun fogar atravesado pola violencia. Que lle interesaba explorar a través dos diferentes personaxes?

A violencia dun pai agresor que exerce un control a través do seu poder contra a súa familia, principalmente a súa filla, que é a única que decide rebelarse contra el. Ela entende que a violencia forma parte do xogo e vea como a única maneira de sobrevivir nesa familia. Para iso contará coa axuda da súa avoa, a señora Azucena, que a guía nesa guerra que se abre contra seu pai. Interesábame explorar o papel das mulleres que actúan fronte á violencia. Que nun sistema de autoridade tomasen acción fuxindo tanto da visión vitimista como de heroínas.

—Hai unha alianza silenciosa entre a avoa e as nenas. Que papel xoga esa rede cómplice fronte á violencia?

É a pura supervivencia. É o apoio sen igual que parte do amor. Son mulleres que están sufrindo a mesma violencia e saben que a autodefensa colectiva sempre é mellor que a individual. Esa relación das nenas coa avoa —que realmente é súa bisavoa— plasma perfectamente as mulleres que nos regalaron por primeira vez consellos feministas sen nomealos así.

Das nosas bisavoaas escoitamos por primeira vez o consello de ser independentes, de estudar e de defendernos. Gustábame plasmar isto na novela.

—O pai constrúe unha imaxe pública mentres oculta a privada. Como é esa figura?

Na parte pública atopamos outra cara totalmente diferente dese pai que no privado é opresivo e violento. De cara ao público é dócil, amábel, e trata ben á súa familia; todo cun claro interese político. Milita nun partido de esquerdas e procura atopar un oco na política local, polo que lle

interesa proxectarse como un home con valores progresistas. A realidade de portas para dentro é moi diferente.

—Como foi traballar ese contraste existente entre os momentos de tenrura e de crueza na novela?

A parte máis dura é a da violencia do pai cara á filla. Fíxome chorar moito, porque ademais está narrada por unha nena e faise desde un punto de honestidade brutal. Simplemente contando esa violencia sen explicar o contexto, porque unha nena non coñece o contexto sociopolítico. Quizais o que ve é como o suposto protector a humilla constantemente.

Despois está a parte máis divertida, que é a do humor e a vinganza que nos ofrecen a nena narradora e a avoa. O peso do relato faise máis lixeiro nesta parte porque é sinxelo empatizar coa nena. É unha pequena moi espelida que non se achica e decide confrontar esa figura de autoridade que pretende gobernalo todo.

—Despois de ser finalista no Premio Illa Nova, podemos esperar máis novelas no horizonte?

Teño moitas ganas de seguir escribindo. Aínda que non fose finalista, tería as mesmas ganas. En outubro do ano pasado fun a unha residencia literaria na illa de San Simón cun segundo proxecto de novela. A miña intención era sentar as bases para unha novela ensaística, mais aínda non o teño de todo definido. Moitas veces, o problema para escribir é a falta de tempo, pero chegará o momento e teño ganas.